

INSTALACIÓNS
Pavillón CEIP Vales Villamarín
Pavillón IES Francisco Aguilar
Patio cuberto CEIP Vales Villamarín
Sala usos múltiples / Aula de Música Edificio Infantil CEIP Vales Villamarín
Aula de Comedor CEIP Vales Villamarín
Salón de actos Edificio Primaria CEIP Vales Villamarín

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Este é o calendario definitivo das actividades extraescolares que se están a levar a cabo neste curso 2013-2014.

As actividades de Atletismo, Badminton, Ciclismo, Conxunto Musical e Iniciación a Música, que se ofertaron en xuño, non se puideron levar a cabo debido o baixo número de nenos inscritos, que fan imposible a súa realización.

Calendario actividades extraescolares 2013-2014	Horario	Venres		Xoves		Mercres		Martes		Luns	
		16:00 16:30	16:30 17:00	17:00 17:30	17:30 18:00	18:00 19:00	19:00 20:00				
		Tennis 6-8		Tennis 9-12		Cochina Creativa 7-12		Fútbol Sala 8-9		Fútbol Sala 10-11	
		Psicomotricidade 3-6		Patinaxe 3-7		Xinnastia Rítmica 6		Fútbol Sala 7		Fútbol Sala 5-6	
		Patinaxe 8-12		Xinnastia Rítmica 3-5		Karate 7-12		Karate 4-6		Baloncesto 5-9	
		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Fútbol Sala 8-9		Fútbol Sala 10-11	
		Tennis 6-8		Tennis 9-12		Tennis 6-8		Tennis 6-8		Tennis 9-12	
		Patinaxe 3-7		Patinaxe 3-7		Patinaxe 3-7		Patinaxe 3-7		Patinaxe 3-7	
		Fútbol Sala 5-6		Fútbol Sala 5-6		Fútbol Sala 5-6		Fútbol Sala 5-6		Fútbol Sala 5-6	
		Fútbol Sala 7		Fútbol Sala 7		Fútbol Sala 7		Fútbol Sala 7		Fútbol Sala 7	
		Xinnastia Rítmica 3-5		Xinnastia Rítmica 3-5		Xinnastia Rítmica 3-5		Xinnastia Rítmica 3-5		Xinnastia Rítmica 3-5	
		Xinnastia Rítmica 6		Xinnastia Rítmica 6		Xinnastia Rítmica 6		Xinnastia Rítmica 6		Xinnastia Rítmica 6	
		Xinnastia Rítmica 7-8		Xinnastia Rítmica 7-8		Xinnastia Rítmica 7-8		Xinnastia Rítmica 7-8		Xinnastia Rítmica 7-8	
		Tiro con arco 6-12		Tiro con arco 6-12		Tiro con arco 6-12		Tiro con arco 6-12		Tiro con arco 6-12	
		Baloncesto 5-9		Baloncesto 5-9		Baloncesto 5-9		Baloncesto 5-9		Baloncesto 5-9	
		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12	
		Xinnastia Rítmica 3-6		Xinnastia Rítmica 3-6		Xinnastia Rítmica 3-6		Xinnastia Rítmica 3-6		Xinnastia Rítmica 3-6	
		Xinnastia Rítmica 7-8		Xinnastia Rítmica 7-8		Xinnastia Rítmica 7-8		Xinnastia Rítmica 7-8		Xinnastia Rítmica 7-8	
		Xinnastia Rítmica 9-12		Xinnastia Rítmica 9-12		Xinnastia Rítmica 9-12		Xinnastia Rítmica 9-12		Xinnastia Rítmica 9-12	
		Baloncesto 5-9		Baloncesto 5-9		Baloncesto 5-9		Baloncesto 5-9		Baloncesto 5-9	
		Karate 4-6		Karate 4-6		Karate 4-6		Karate 4-6		Karate 4-6	
		Expresión Corporal 4-6		Expresión Corporal 4-6		Expresión Corporal 4-6		Expresión Corporal 4-6		Expresión Corporal 4-6	
		Fútbol Sala 7-12		Fútbol Sala 7-12		Fútbol Sala 7-12		Fútbol Sala 7-12		Fútbol Sala 7-12	
		Fútbol Sala 5-6		Fútbol Sala 5-6		Fútbol Sala 5-6		Fútbol Sala 5-6		Fútbol Sala 5-6	
		Patinaxe 8-12		Patinaxe 8-12		Patinaxe 8-12		Patinaxe 8-12		Patinaxe 8-12	
		Xinnastia Rítmica 3-5		Xinnastia Rítmica 3-5		Xinnastia Rítmica 3-5		Xinnastia Rítmica 3-5		Xinnastia Rítmica 3-5	
		Xinnastia Rítmica 6		Xinnastia Rítmica 6		Xinnastia Rítmica 6		Xinnastia Rítmica 6		Xinnastia Rítmica 6	
		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12	
		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12		Baloncesto 10-12	

Un ano máis a empresa **FerTibeRia** convoca o seu Certame de pintura rural infantil e dende a ANPA queremos animar a alumnos e alumnas a que participen.

**Dirixido a: nenos/as 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria**


Publicaróense as bases do concurso no blogue da ANPA e na porta do colexio, asemade poderedes obter máis información na páxina web: [www.fertiberia.com](http://www.fertiberia.com).

Pedirase a colaboración dos mestres de Plástica, e das nais/pais.

Prazo límite de entrega de debuxos: 21 de outubro de 2013, na secretaría do colexio.

**MOI IMPORTANTE:** O tamaño dos debuxos será Din A-4 ou Din A-3 en formato horizontal. O nome do participante irá por detrás do debuxo. Na secretaría do colexio teñen a disposición dos nenos e nenas etiquetas de Fertiberia para poñelos datos.

A única limitación é que ten que ser en cores. Recoméndanse técnicas que posibiliten o desenvolvemento creativo do neno (ceras, guasch, acuarelas, etc) en lugar de lápices de cores.



### Premios

6.000€, 3.000€, 2.500€, 2.000€ e 2.000€, para 1º, 2º, 3º, 4º e 5º clasificados respectivamente. Para os colexios dos 5 primeiros clasificados: equipo multimedia valorado en 1.500€. Para as ANPAS: 1.500€ en axudas. Todos os participantes reciben diploma FERTIBERIA A ANPA Brigantium premiará os 6 mellores debuxos do colexio, tres de primeiro ciclo e outros tres de segundo ciclo.

**24 FOLGA XERAL NO ENSINO**

**¡¡Paremos os RECORTES!!**

**¡¡Paremos a LOMCE!!**

**ANPA Brigantium**

**COLE NOVO SETEMBRO 2014 SI OU SI**

# **DetecTives Brigantium**

O pasado curso botou a andar o proxecto de DetecTives Brigantium no seno da comunidade escolar do Vales Villamarín, coa elaboración da proposta por parte da ANPA Brigantium e a avaliación favorable dos órganos educativos do noso cole, nomeadamente a Dirección do Centro, o Claustro e finalmente o Consello Escolar.

Coa ilusión compartida de crear un novo espazo de convivencia, tres aulas realizaron tres saídas de DetecTives a modo de experiencia piloto, que demostraron que é factible enriquecer a vida cultural e social do cole co concurso das familias.

Somos a máis grande das comunidades educativas do ensino público de Galicia, e iso implica que o esforzo de comunicación para trasladar unha proposta a todos e todas, resulta sempre inmenso e require unha labor informativa alongada no tempo. A ANPA ten recorrido ao emprego de todos os nosos humildes e modestos medios de comunicación para informar. A través do boletín, do blog, do facebook, das reunións abertas de nais e pais e de todos os recursos informativos ao noso alcance.

Non obstante, boa parte das persoas integrantes da comunidade escolar aínda non son coñecedoras das liñas mestras que definen DetecTives Brigantium, o que obviamente imposibilita a participación en igualdade de todas as nais e pais.

Coa finalidade de solventar esta cuestión, en vindeiras datas editaremos unha folla informativa sobre DetecTives Brigantium que será enviada ao fogar de todos os alumnos e alumnas. Canto maior sexa a difusión, maiores serán as aportacións da comunidade escolar e máis sólidas as bases para avanzar, e se ben é certo que o camiño non esta feito tamén é verdade que o camiño se fai andando.

[DetecTives, imos logo neste curso 2013/2014?](#)

## **FOLGA CONTRA A LOMCE**

A Anpa Brigantium súmase á convocatoria de folga xeral no ensino o vindeiro 24 de outubro, animando ás familias a participar nesta protesta contra a implantación da LOMCE. A comunidade educativa, da que somos parte, debe defender o ensino como garante dunha sociedade xusta que loita contra as desigualdades, rexeitando os recortes en educación. É preciso tomar conciencia da necesidade de rexeitar unha lei que pretende poñer obstáculos ao ensino público.

Como vimos facendo, queremos animarvos a participar e loitar por unha educación xusta, que non expulse do sistema aos sectores máis desfavorecidos da sociedade, que non elimine prazas de profesorado, nen masifique as aulas, dificultando a aprendizaxe das nosas fillas e fillos. Queremos evitar os recortes inxustos na educación. Nesa pelexa participemos na folga xeral contra a LOMCE o vindeiro 24 de outubro.

## **NOVA DIRECTIVA**

Na última assemblea celebrada o pasado venres 27 de setembro, comunicouse a reorganización da xunta directiva e procedese á aprobación da nova directiva, quedando como sigue:

Presidenta: Amaya García  
Vicepresidenta: Lupe Lema  
Secretaria: Xulia Hernández  
Tesoureiro: Francisco Ares  
Voceiros/as: José Manuel Naveira,  
Moncho Bouzas  
María Rufino  
María Jesús Regueiro

Dende a ANPA, facémonos eco da publicación do novo blog

**[nontecortescoalingua.blogspot.com](http://nontecortescoalingua.blogspot.com)**

Este ano o equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) do noso cole ven de publicar xunto cun grupo de alumn@s de sexto curso este blog, donde irán colgando novas e actividades de interese.

Invintannos a todos os membros da comunidade educativa a participar activamente.

Podemos enviar as nosas suxerencias a **[reporteirosbetanceiros@gmail.com](mailto:reporteirosbetanceiros@gmail.com)**

# **COLE NOVO**

Dende a nova directiva da ANPA Brigantium, queremos manifestar que a nosa preocupación porque o colexio novo estea en funcionamento en setembro de 2014, vai seguir sendo tan grande como ate o de agora. Non podemos baixar a garda xa que o vindeiro curso o Vales non contaría con capacidade suficiente para asumir o número de alumnos que se prevé. No mellor dos casos serían necesarias tres liñas máis, debido, entre outras cousas, a que os nenos que este ano forman 6º de primaria pertencen ao curso menos numeroso e cando marchen a secundaria entrará o curso de infantil máis números en moitos anos, xa que os nados en 2011 foron 127 e os números non enganar. Ademais hai que ter en conta que 1º de primaria acollería aos alumnos procedentes das unitarias co que sería necesaria outra aula para cumprir coa ratio.

En base a este panorama desolador, a nosa inquedanza medra día a día. O 26 de setembro informáronos dende o Concello de que a empresa constructora comunicara que a obra daría comezo en 15 días. Este mes deberíamos ver as máquinas facendo a pilotaxe nos terreos. Aínda que tamén se confirmou que a indicación da Xunta é que a obra estea lista para o comezo do vindeiro curso, os tempos son xustos. Seguimos agardando que se nos facilite un calendario con datas de actuación. Mentres tanto seguiremos mantendo reunións cos diferentes grupos políticos, das que informaremos, para que todos participen na consecución do obxectivo común, que as nosas nenas e nenos teñan un espazo que cumpra coas condicións adecuadas para recibir unha educación de calidade.

**COLE NOVO  
SETEMBRO 2014**

**SI OU SI**